

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Kornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº126/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de maio/ Estado de calor extremo

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Muño do Castelo, limpeza e protección para estes restos etnográficas. **Páx. 1**

Presentación no Ateneo Santa Cecilia de Marín de AUNIOS nº 31. **Páx. 3**



O dragado do río Lérez, un problema. **Páx. 3**



Para cando o nomear árbores senlleiras na Illa de Ons, como esta sobreira. **Páx. 7**

O barco “Cassandra” dos irmáns Pazó, gana na última etapa da Regata Almirante Rodríguez-Toubes. **Páx. 2**



Seguen os fallos no Catálogo do Litoral de Bueu-Ons. **Páx. 2**



Que nos deparará o Proxecto Sentinela? **Páx. 4**



Xornada activa, idea para un Parque Nacional activo. **Páx. 6**



Foro Turismo, importante iniciativa para a desestacionalización. **Páx. 5**

Breves:

- Ons na Memoria: O Corte Ingles. **Páx. 3**
- Entrega de AUNIOS ao Museo de Pontevedra. **Páx. 6**
- Enogastronomía e cultura. **Páx. 7**
- Faro de Ons. **Páx. 8**


FONTE DO CASTELO. MUIÑO DO CASTELO. RUTA DO CASTELO

Entre as moitas fontes existentes en Ons, imos falar da denominada *do Castelo*, que se abastece de manancial propio e do coñecido como da Entenza. Esta fonte atopámola no camiño que dende o barrio de Curro vai cara a Melide a uns 300 m. Desa fonte, sobre todo no inverno, a auga mana en gran cantidade, formándose un pequeno-gran regato que vai por unha valgada cara ao leste en dirección ao mar.

Na década de 1980, cando a Illa ardía no verán de punta a chicote, houbo varios incendios que afectaron a esa zona. Cando, despois de sufocados, esa zona quedou coa vexetación moi deteriorada, tivemos a oportunidade de observar unha disposición de pedras, ás que, a dicir verdade, non lle dimos importancia, aínda que estaban moi ben colocadas, o que faría pensar que pertencían a algún tipo de *construción* que tería algún obxectivo no seu momento, quizais relacionada coa batería de defensa coñecida como *Castelo da Rueda*.

A principios da década de 1990, a delegación de Agricultura levou a cabo unha importante plantación por toda a illa de árbores autóctonas, aproveitando esa valgada para plantar especies diferentes, a modo de experimentación, por mor do seu microclima e acuífero. Sen embargo, non se chegou a tocar a parte onde estaba situada esa construción, polo que, daquela, non saíu á luz.

Foi no verán de 2012 cando un retén de incendios que realizaba labores de mantemento e prevención, limparon toda esa valgada dende a fonte ata o mar, e foi aí cando se decataron desa construción. Despois de limpala ben, e coa axuda da arqueóloga do CSIC, **Paula Ballesteros Arias**, chegaron á conclusión de que se trataba dun *Muíño de Auga*.



Á esquerda a Fonte do Castelo. Á dereita o regato que forma a partir do outono.

(Fotos de Adrián Ferrer neste inverno 2026)

Aínda así, e despois das pescudas realizadas, houbo moitas dúbidas, se ben, segundo algún veciño consultado, falan de que o último “dono” da Illa, Sr. Riobó, construíra un muíño para moer o millo que os veciños pagaban como renda agrícola.

Despois daquela limpeza e aínda que xa estaba habilitado e preparado o camiño da *Ruta do Castelo* que pasa ao seu carón, esa construción quedou no **esquecemento institucional** e a maleza apropiouse de novo do lugar quedando totalmente fóra da vista dos camiñantes que escollen esa *Ruta* para coñecer a Illa.

Coido que hai que buscar unha solución para que este itinerario, adquira valor etnográfico.



A esquerda a zona do muíño cando se limpou no 2012. Á dereita como se atopa agora, maio de 2026. Necesita unha maior limpeza.

Despois de solicitalo a través de *Onstopus*, os traballadores de mantemento con axuda dos vixiantes do Parque para a súa localización, levaron a cabo unha limpeza do espazo onde se atopa o **Muíño**, pero quedou toda a valgada sen limpar, co que, as persoas que deciden percorrer esa *Ruta*, ao chegar ao lugar, non poden visualizar nin o Muíño nin o pequeno bosque de árbores autóctonas galegas que no seu día foron plantados.

Supoño que o **Grupo de Mantemento**, fixo o seu labor, segundo as directrices do Parque, pero quedou moi frouxo xa que, este **Conxunto Etnográfico**, non é visible dende o camiño realizado para poder desenvolver esta *Ruta*.

Pedimos á **Directora Xeral de Patrimonio Natural** que dea as ordes oportunas para que o magnífico Grupo de Mantemento de Ons, leve a cabo unha boa limpeza da valgada do pequeno regato da Fonte do Castelo, para que as persoas que decidan realizar ese percorrido, poidan visualizar os *restos etnográficos e o conxunto natural* da zona, apoiándoo cun **Panel Informativo**. Esperemos que o teñan a ben.

O BARCO "CASSANDRA" DOS IRMÁNS PAZÓ

Entre 25 embarcacións inscritas, o Hillyard 12 Ton, do Club Náutico de Portonovo, patroneado polos irmáns **Javier e Fernando Pazó**, xunto á súa tripulación, venceron na última etapa da regata organizada pola Escola Naval Militar de Marín e o Real Club de Regatas de Galicia. Estaba dividida en dúas etapas, a primeira de Marín a Vilagarcía e a segunda, de volta, entre Vilagarcía e Marín os días 16 e 17 de maio.

Parabéns para os irmáns Pazó!!!

Nas fotos, da dereita: A entrega de premios.

Abaixo: Os irmáns Pazó a bordo do Cassandra.

A seguir colleitando éxitos!!!



FALLOS NO CATÁLOGO DO LITORAL DE BUEU-ONS

Seguimos sen poder entender como no Catálogo do Litoral, entre a Capela de Canexol (rectángulo **vermello**) e un dos piornos pequenos que hai na baixada á praia de Canexol (círculo **azul**, vese un anaco do tellado) hai dous elementos importantísimos da historia e etnografía de Ons, como son a **Casa Agrícola e os Piornos de Canexol** (rectángulo **amarelo**), que non entran nese Catálogo. Coido que algo fixeron mal os da Consellería de Medio Ambiente.



PRESENTACIÓN DA REVISTA CULTURAL AUNIOS Nº 31

NO ATENEO SANTA CECILIA DE MARÍN

O pasado 22 de maio tivo lugar, organizado polo ateneo S. Cecilia de Marín, a presentación do nº 31 da revista cultural AUNIOS. Estivo a cargo dos irmáns Pardellas, Celestino (Tinón) como Presidente da Asociación PineirÓns e Xulio que comentou os artigos que a compoñen.

Houbo unha asistencia que rozou o cheo e iso que á mesma hora había varios eventos, destacando a Xornada do novo Cineclub cunha homenaxe a Chano Piñeiro con presenza de Uxía Blanco.

Tinón, despois de facer unha pequena e emotiva homenaxe ao que foi Presidente da Asociación, o marinense Laureano Mayán Taboada e á súa familia polo labor desenvolvido ao longo dos anos na asociación, explicou os motivos polos que se formou na Illa de Ons a agrupación e cales son os seus obxectivos, tamén fixo un repaso ás dúas ocasións no que Aunios presentouse en Marín e nomeou aos marinenses que colaboraron nela.

Xulio debullou os artigos que contén a revista na procura de incentivar á súa lectura.

Moi interesante foi o posterior coloquio que iniciou o que fóra mestre na década de 1970 en Ons, Julio Santos Pena, seguido do catedrático en Xeografía e Historia Francisco Calo Lourido e algúns asistentes, xurdindo algunhas preguntas que foron contestadas polo presidente de PineirÓns, Tinón. Ao final do acto entregouse unha revista de xeito grauíto a todos os asistentes.

ONS NA MEMORIA

Xa choveu dende que foi feita esta foto, onde vemos ao Gran Cesáreo substituíndo ao carpinteiro de ribeira, especialista no arranxo de dornas en Ons, Sr. Domingos,

cariñosamente “Cachote”. Pero a foto, aínda que non se aprecia ben, ten un curioso detalle, na fachada da casa que alberga á tenda de comestibles de Acuña, mesmo debaixo da ventá, había unha pintura mural que poñía:

“O CORTE INGLES”

Chegaría esta multinacional a estar presente en Ons?
Hahaaaaaaa



Que tempos aqueles que barcos como este dragaban o Lérez e evitaban a acumulación de lodos e sedimentos, que hoxe tantos problemas dan, sobre todo, aos barcos do Club Naval de Pontevedra.


ONS ARQUEOLÓXICA.

PROXECTO “SENTINELA”

Liamos na páxina da Xunta a mediados de maio 2026, cando comezou a Campaña Arqueolóxica no Castro de Hortas na Cíes: “*Por último, cabe recordar que la campaña se enmarca en el proyecto Sentinela: Patrimonio Cultural Amenazado, financiado por la convocatoria de Proyectos de Investigación en la Red de Parques Nacionales de 2022 y apoyado por la Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Con final previsto para julio, el objetivo es catalogar los bienes culturales de las islas del Parque Nacional y monitorizar aquellos afectados por fenómenos naturales o antrópicos. De hecho, en los últimos años también se han llevado a cabo varias prospecciones arqueológicas en Ons en el marco del mismo proyecto.* Sobre as prospeccións levadas a cabo en Ons, podedes consultar o artigo do Grupo Arqueolóxico coordinado polo arqueólogo Adolfo Fernández, inserido na revista cultural AUNIOS nº 31, de maio de 2026: <https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/31/14-Canexol.pdf> Podemos ler na nota da Xunta, que o Proxecto Sentinela remata en xullo deste ano 2026. Quedaremos á espera do que resulte das súas conclusións, pois, no caso concreto de Ons, na *Praia de Canexol*, onde se atopan as importantes cubas de salga romanas e por mor dos temporais, cicloxéneses, danas,..., e demais problemas meteorolóxicos e marítimos, tanto as cubas, como o pequeno cantil e mesmo o camiño ente Curro e Pereiró, corren un serio perigo de derrube, e, dende logo, hai que buscar unha solución **XA**.

Coido que se en Curro, ao final ou principio do peirao, segundo como se mire, construíron no seu momento un muro de pedra para evitar que a forza do mar provocara un derrube que puxera en perigo as casas que se atopan enriba e que agora, co tino de facer uns cambios de imaxe, tamén na zona de Curro, cambiaron a magnífica Caseta de Información que había e no oco, puxeron outra prefabricada e, para evitar humidades e que mesmo a terra, coas chuvias, puidera irlle enriba, tamén fixeron un muro de pedra; non entendo o por que, unha solución parecida non se busca para o cantil de Canexol.

Ollo, que non sexa unha obra faraónica como a do peirao de Curro, pero si, o suficientemente alto e forte que evite que as ondas, en días de temporal, non batan directamente contra a terra do cantil.



FOTOS:

Arriba: como se atopa o cantil da Praia de Canexol, tanto na zona das cubas do xacemento romano como no resto.

Abaixo esquerda:

O mesmo cantil da praia visto dende o camiño. Pódese observar que, en nada, un temporal, pode traballar, tanto dende o mar como polos pequenos regueiros que se dan a carón do camiño nos días de chuva, que esta vía se veña abaixo.

Fotos da dereita: A carón do gran muro do final do peirao, acaban de poñer este outro de pedras para protexer á nova caseta de información que instalarán ao lado da Praia das Dornas. Por que aquí si, e en Canexol non, cando o risco é bastante importante? Quedamos á espera do Informe Sentinela. **Páx. 4**

FORO DE TURISMO. Desestacionalización estratéxica

O pasado día 25 de maio, a **Asociación Pineiróns** foi convidada a asistir ao **Foro de Turismo** que tivo lugar no Club Náutico de Sanxenxo, organizado, entre outros, pola Mancomunidade do Salnés.

Tiña un programa moi interesante para esta agrupación, xa que, a carón da **DESESTACIONALIZACIÓN e TURISMO ACTIVO** polo que levan loitando en Ons, e aplicable a todo o Parque Nacional dende case a súa fundación no ano 1998, tamén se ían tocar, en dúas mesas de debate: “O Xacobeo 2027” e “Turismo Náutico”, temáticas que, conxuntándoas, e con referencia a unha Ruta Xacobeá esquecida polos responsables do Xacobeo en Galicia, como é a **Marítimo-Fluvial Galega (dende a Garda)**, levan reivindicándoa, de xeito particular dende 1993 e como Asociación dende 1998.

Coido que ese foi o motivo polo que, o que levou o peso da organización (amigo e lector de Aunios e Onstopus) tivo a ben invitarnos e, a dicir verdade, foi todo un acerto, pois as catro Mesas de Debate e os seus poñentes, perfectamente dirixidos polo periodista Pedro Piqueras, resultaron do máis interesantes e atraentes, sabendo transmitir aos invitados, ideas perfectamente aplicables para lograr a tan ansiada e anhelada **Desestacionalización no turismo galego**.

Para **Pineiróns**, foi moi importante comprobar que dende o mundo náutico e con referencia ao Xacobeo, a Ruta Marítima vai collendo valor e relevancia, pois faláron dunha prometedora Ruta Xacobeá Náutica ao longo do Atlántico, de Empresas encargadas de facilitar ese turismo e ata xa dunha Ruta Xacobeá a Vela,..., só queda que as Institucións encargadas en Galicia desta temática: Axencia de Turismo, Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo,..., e o propio Presidente da Xunta, se dean conta que o Xacobeo naceu co **DERROTEIRO** que os discípulos de Santiago seguiron para trasladar (nunha barca de pedra nada menos), o Corpo de Santiago ata Pontecesures, costeando a Península Ibérica polo Atlántico e entrando en Galicia dende a Garda e, seguramente, parando a facer augada e víveres nas illas que hoxe forman o único Parque Nacional galego, por iso, a ruta que nós nomeamos como: **“RUTA XACOBEO MARÍTIMO-TERRESTRE-FLUVIAL DAS ILLAS CASSITÉRIDES”**, debería ser, non vou dicir a máis importante, pero si estar entre as que deberían selo.

Enlaces para coñecer máis a proposta de Pineiróns:

https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/04/011_04_AsociacionPineirons.pdf

https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/06/006_06_AsociacionPineirons.pdf

https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/08/006_08_AsociacionPineirons.pdf

https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/09/023_09_AsociacionPineirons.pdf

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/25/01-Ruta%20Xacobeo-Tinon.pdf>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/31/20-Redaccion.pdf>

https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/09/020_09_AsociacionPineirons.pdf



Foto esquerda: Un momento da intervención dos poñentes da Mesa Náutica.



Foto dereita: De esquerda a dereita: Manolo Cabada (Responsable da organización. Celestino Pardellas (Presidente de Pineiróns). Pedro Piqueras (Maestro de cerimonias do Foro). Pedro L. Martín Gilarranz (Presidente de Asociación Galicia Histórica e responsable Casa Museo Cristobal Colón) e José Taboada (Secretario Asociación Pineiróns).



Esquerda: autoridades asistentes ao acto.
Dereita: Un momento do aperitivo, onde a carón de Pedro, Tinón e Tabo, atopamos a Garrido, Chichí (Presidente da comunidade de Montes de Noalla) e ao antropólogo Rafa Quintía.

XORNADA ACTIVA. Aplicable a un PARQUE NACIONAL ACTIVO



Rafael Quintía explicando os mitos e ritos da Lanzada.



A actriz Alba de Vales escenificando a Revolta Irmandiña.



Veciños de Noalla contando anécdotas, cerimonia e rituais na Capela da Lanzada.



O magnífico grupo "Portonovo Canta" actuando na capela da Lanzada.

Seguindo co tema da páxina anterior, *Foro de Turismo*, o responsable de organización, como bo profesional, dinámico e excelente dinamizador, planificou unha Actividade que tiña que ver co turismo, coa historia e etnografía, coa relación coa veciñanza e coa música e, como non, tamén co a *Illa de Ons* pola súa proximidade. Buscou un medio de transporte, un antropólogo, unha actriz, varios veciños e un grupo musical.

En bus trasladámonos de Sanxenxo á Lanzada. Durante o traxecto o antropólogo *Rafael Quintía* fixo unha contextualización histórica e etnográfica do xacemento e do santuario da Lanzada. No castro, a actriz *Alba de Vales*, fixo unha escenificación teatral sobre o xacemento castrexo. Case a carón dos restos da fortaleza, Quintía deu outra interesante charla sobre os mitos e ritos da Lanzada para, deseguido, de novo, Alba escenificar a *Revolta Irmandiña* que tivo lugar nese escenario. Trasadámonos logo á ermida, onde no seu interior esperaban dous *veciños de Noalla*, encargados do mantemento do santuario, que nos contaron unha chea de anécdotas en relación coa ermida e a festa, rematando a actividade cun concerto, no interior da ermida, do grupo musical "*Portonovo Canta*".

Unha actividade, relativamente sinxela, que serviu de colofón a unha mañá chea de ideas e creatividade para **desestacionalizar** o turismo en Galicia.

Ons, ao igual que as demais illas que pertencen ao Parque Nacional, necesitan actividade. Un Parque Nacional inactivo, é como se non existira, por iso, respectando a biodiversidade, pódense e débense realizar actividades, nas propias illas, tendentes ao seu coñecemento, respecto, posta en valor e protección. Sabemos que: *<O que non se coñece, non se protexe>*.

As illas ofrecen un bo número de peculiaridades sociais, históricas, etnográfica e naturais, que poden dar pé, a unha boa cantidade de *xornadas activas* que, cun bo **organizador-dinamizador**, darían un paso de xigante ao coñecemento, ao respecto, ao aprecio,..., á observación e a protección do Parque Nacional.

Tratar o traslado coas empresas navieiras. Buscar un experto/a ou guías especializados para explicar a temática escollida e realizar un percorrido pola illa. Utilizar o Centro de Visitantes para charlas, proxección, exposición de material,... Tratar cos restaurantes un xantar típico e a bo prezo ou adaptar algún espazo para comer o que traian da casa. Aproveitar os grupos de especialistas que van ás illas a investigar para buscar un día que sexa dedicado a unha actividade pública con respecto ao que están a traballar. ...

Non require nada máis, que profesionalidade e ganas, dos responsables da Consellería e Parques para querer levalo a cabo.

<POR UN PARQUE NACIONAL ACTIVO NAS ILLAS>

ENTREGA DA REVISTA CULTURAL "AUNIOS" AO MUSEO DE PONTEVEDRA

Como xa temos explicado neste ano, a revista *AUNIOS* rematará a súa andaina o próximo ano 2027. Como sabedes, unha das máximas de Pineiróns, era que esta publicación chegara aos puntos culturais máis importantes de Galicia e coidamos que se conseguiu. Agora, facendo un repaso das institucións aos que foi enviada, descubrimos que, estando case todos os números esgotados, quedaban dous organismos importantísimos, como son o *Parque Nacional Illas Atlánticas* e o *Museo de Pontevedra*, sen completar a colección. Non sabemos o motivo, pois estamos seguros que llelles fixemos chegar, pero, facendo un enorme esforzo para conseguir as que lles faltaban, hoxe 28 de maio, fixemos entrega a *M^a Jesús Fortes Alén*, Xefatura da Sección de Documentación do Museo de Pontevedra, de todos os *AUNIOS* que lle faltaban e, esperamos na próxima semana, entregar as que lle faltan ao Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Vigo.

Foto: Entrega a *M^a Jesús Fortes Alén* das *AUNIOS*, por parte do Presidente de Pineiróns, Tinón.



Este domingo 17 mayo

“Romería Gallega” en la Isla de Ons
con pulpo de Ons y churrascada

Menú completo

- Pulpo de Ons “á feira”
- Churrasco de cerdo con patatas
- Bebida y postre

Animación post-comida

Ruta guiada por la Isla

Viaje en barco desde Bueu



45 € adultos | 20 € niñ@s

www.piratasdenabia.com
986 32 00 48



ROMERÍA GALEGA NA ILLA DE ONS, O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Moi interesante resultou esta romaría gastronómica que o *Grupo Acuña* desenvolveu na Illa de Ons o 17 de maio de 2026.

Cunha importante asistencia, celebrouse este interesante evento que se dividiu en dúas facetas: Uns quedaron en Ons e cunha guía, fixeron un percorrido cultural pola Illa, e outros, seguiron a navegación ata Sálvora onde tamén, coa axuda dunha guía, visitaron esta illa, para logo volver a Ons, para todos xuntos participar nesta **Romaría Gastronómica** que estivo animada por un dúo que nos agasallou con cancións típicas do noso riquísimo folclore galego.

Importante iniciativa que axuda a desestacionalizar o Parque Nacional con visitas guiadas e degustación de produtos típicos.

VISITA A ONS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Aproveitando ese evento gastronómico da ROMARÍA, o 17 de maio achegueime a Ons xunto co biólogo Jacobo Fernández.

Despois de realizar un primeiro reparto da revista cultural **AUNIOS n° 31**, fixemos un percorrido biolóxico-cultural polos barrios de Canexol e Curro.

Visitamos o cemiterio e a capela, onde comprobamos que as obras de rehabilitación están sen comezar.

Achegámonos ao Castro dos Mouros, que Jacobo non visitara aínda, e quedou abraiado co importante xacemento, que tanto tempo estivo agochado, aínda que, houbo moitas reivindicacións para a súa escavación durante máis de 50 anos.

Pola tarde, despois de degustar un exquisito polbo á feira e unhas tiras de churrasco acompañado, como non, de Ramón o de Bilbao, decidimos percorrer a **Ruta do Castelo** e comprobar como se atopaba o camiño e, sobre todo, se estaba ben á vista o conxunto etnográfico do Muiño de Auga. (con respecto a este tema mirar páxina 1).

Decidimos comezar esa ruta polo camiño que, dende Curro, vai cara a Melide, onde Jacobo quedou abraiado de que en Ons houbera un exemplar ten grande de **sobreira**, sobre a que, coincidindo co xa publicado en números anteriores de Onstopus, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, debería declarala **Árbore Senlleira** do Parque Nacional; pero, non hai iniciativa. Unha mágoa!!!



FARO de ONS



Que grande alegría ver aos meus últimos cuidadores xuntos polo meu aniversario.

Espero que os nosos xefes, permitan que esta xuntanza, e a poder ser con máis compañeiros, poidamos celebrala, ao meu carón na Illa de Ons, en xullo deste ano 2026, que cumpro 100 anos dende a última renovación.

